

# PICASSO BRANCO NO RECORDO AZUL

OBRADOIROS FAMILIARES E XUVENÍS NO  
MUSEO DE BELAS ARTES DE A CORUÑA

## CONTEXTUALIZACIÓN PEDAGÓGICA E ARTÍSTICA

---

O noso principal obxectivo é espertar a conciencia artística nas crianzas e nas súas familias, de forma que poidan desfrutar da arte de forma integral, creando experiencias que propicien aprendizaxes significativas, cargadas de emoción e que perduren no tempo.

Utilizaremos como contextualización distintas obras da exposición temporal sobre Pablo Picasso, de tal forma que sirvan de base e inspiración para que os participantes desenrolen as súas propias creacións.

A metodoloxía que eliximos para o desenvolvemento do programa é o arte de proceso. Pon o foco no camiño e non no resultado final. Permite ós nenos e nenas expresar pensamentos e sentimentos, explorar libremente, tomar decisións e arriscarse nun mundo artístico onde non existen os xuízos. Invita a cada neno e nena a ser único e a non comparar as súas creacións coas dos demais.

## PARTICIPANTES

---

Os obradoiros familiares están dirixidos a familias con nenos e nenas de entre 4 e 10 anos

Aforo máximo 12 crianzas acompañadas de 1 adulto

Os obradoiros xuvenís están dirixidos a nenos e nenas de 10 a 14 anos.

Aforo máximo 10 participantes.

# TEMPORALIZACIÓN

---

Os obradoiros xuvenís desenvolveranse os sábados pola mañan de 12:00 a 13:30

15 Abril Impro·Picasso  
22 Abril Rostros Picassianos  
29 Abril Picasso a Capas

06 Maio Impro·Picasso  
13 Maio Rostros Picassianos  
27 Maio Picasso a Capas

03 Xuño Impro·Picasso  
10 Xuño Rostros Picassianos  
17 Xuño Picasso a Capas

Os obradoiros familiares desenvolveranse os sábados pola tarde de 17:30 a 19:00

15 Abril A Torre de Caramelo  
22 Abril Rostros Picassianos  
29 Abril Deconstruíndo a Pablo

06 Maio A Torre de Caramelo  
13 Maio Rostros Picassianos  
27 Maio Deconstruíndo a Pablo

03 Xuño A Torre de Caramelo  
10 Xuño Rostros Picassianos  
17 Xuño Decosntruíndo a Pablo

20 Maio (Noite dos Museos): 19:00 a 22:00: Picasso Infinito

Impro-Picasso: Iremos crear un micro-relato gráfico (entre 4 e 6 viñetas) mergullándonos no universo picassiano: empregaremos personaxes, lugares e obxectos que podemos atopar reflexados na obra do artista, todo isto a través dun xogo improvisado e desenfadado, achegando as ferramentas necesarias para facelo nun modo divertido e creativo.

Rostros Picassianos: Unha das imaxes máis icónicas de Pablo Picasso son os seus rostros: desmontados, xirados en varias perspectivas, de proporcións imposibles... Iremos xogar, experimentar e crear con este elemento tan coñecido e tan cheo de posibilidades: O Rosto

Picasso a Capas: A obra "Paquete de tabaco e vaso" vai ser o noso punto de partida para iniciar este percorrido no que a "desmontaremos" en varias capas,, o que nos brindará a posibilidades de experimentar en cada unha de elas con técnicas e materiais diversos. Como punto final volteremos a xuntar as capas, aportando deste xeito a nosa propia visión da obra do artista.

A Torre de Caramelo: Así chamaba o artista a Torre de Hércules. Iremos crear a nosa propia Torre de Caramelo...

Os materiais diversos e pouco convencionais que espertan a creatividade e invitan a saírmolos das pautas marcadas serán o eixo arredor do cal xire o deseño e a construción deste proxecto

Deconstruíndo a Pablo: ¿Pensáchedes algunha vez en como serían os cadros se cobrasen vida saíndo do seu marco? Esta é a premisa con que iremos xogar e crear neste obradoiro. Pasaremos das dúas as tres dimensións, a través dun proxecto artístico no que se funden a pintura, a escultura e o tinkering, dándolle vida a unha natureza morta.

Picasso Infinito: Unha instalación lúdica participativa dirixida a público dende os 3 anos, que tomando como punto de partida unha das obras do autor invitamos a crear, recuperando o espazo público para o xogo

## O EQUIPO

---

Os obradoiros serán acompañados por unha ou dúas persoas (segundo as necesidades de cada proposta) do equipo de Arkhe Espacio Educativo, hágase "Picasso Infinito" que estará acompañados por 3 persoas

Dirección e coordinación: Alma Blanco

Talleristas: Carmen Picallo

Juan Ortega

Alma Blanco